

A NOSA MEMORIA

Olegario Sotelo Blanco

É a primeira vez que o noso castelo de Castro Caldelas acolle unha exposición sobre as nosas realidades máis esenciais: a escola, os obxectos da casa, os obxectos litúrxicos, o liño, o tear, os oficios característicos da comarca, coma os do carpinteiro, ferreiro, capador, afiador, sen esquecer os apeiros de labranza, os traxes típicos, as gaitas, os Trabazos, os fachós, etc.

Sen dúbida, unha iniciativa deste tipo é importante polo que representa de recuperación da nosa memoria histórica, pero aínda é máis importante polo que supón do desexo dos caldelaos de proxectarse sobre as novas xeracións, para que coñezan de forma directa como viviron durante séculos os seus antepasados. Entendo que esta é a verdadeira función desta clase de exposicións: rescatar e difundir unha cultura que quizais estea a piques de desaparecer, pero que ten o innegable valor dunha cultura centenaria.

Eu formo parte dunha xeración que aínda tivo a oportunidade de coñecer en vivo a cultura humana aquí representada, pero son consciente de que as xeracións que me seguiron xa non tiveron ocasión de ver os seus avós ou os seus pais no escenario natural da súa cultura, do seu mundo. A falta desta posibilidade, resulta especialmente importante que hoxe poidan coñecer, polo menos, os obxectos materiais que formaban parte do mesmo.

Nós non tiñamos nin televisión nin teléfono nin ordenador; a nosa era unha simple aldea ou vila comarcal, nada global, pero recibiamos a información dunha tradición oral que, en forma de contos, anécdotas e refráns (o que se chamaba “a sabedoría popular”, herdeira da experiencia de moitas vidas), escoitabamos ó calor do lume na lareira en grandes tertulias familiares. Os actuais medios de comunicación vía satélite non transmiten esta clase de información, inútil, de feito, para a moderna vida “postindustrial” (que paradoxo: no escaso lapso de tempo de tres décadas pasamos dun escenario preindustrial a outro postindustrial, sen ter vivido nunca a cultura industrial), e polo tanto só iniciativas como esta son capaces de aproximar o non por vello menos auténtico mundo ós mozos caldelaos.

Convidáronme os mestres á clausura destas xornadas etnográficas. Desexaban que lles dirixise unhas palabras ós nenos, imaxino que como representante desa xeración intermedia que foi en realidade a que cortou o fío de transmisión da cultura rural dos nosos antepasados, tras padecer a vertixinosa transformación das formas de vida ocorridas no último terzo do século pasado, o que nos levou á emigración en case tódolos casos, despoboando as nosas aldeas. No mundo de hoxe, para eses nenos, para eses mozos, non ten ningún valor saber utilizar unha ferramenta coma o angazo ou construír un carro. Non falamos pois dunha simple transformación, senón da completa desaparición dunhas formas de traballo, mesmo de lecer, e tamén de convivencia: unha auténtica revolución sobrevida no prazo dunhas poucas décadas. De

aí a importancia de contarlles ós mozos que o mundo que eles coñecen non ten nada que ver co que viviron os seus pais á súa idade ou os seus avós ó longo da súa vida.

Entre os moitos obxectos que mostraba a exposición atopábase o meu pupitre de dous asentos coas marcas de tinta e o tinteiro orixinal incrustado na madeira. Catro anos estiven eu sentado nese pupitre da escola de Vimieiro, á que acudía desde Folgoso ou desde Quintela en días de sol ou en días de neve. Conteilles ós rapaces a ilusión que me facía un luns pola mañá agardar pola mestra, que viña de Ourense e me traía, por encargo dos meus pais, a *Enciclopedia Hermanos Álvarez* de Terceiro Grao. E díxenlles que na nosa xeración, nas aldeas da comarca, os rapaces tiñamos que facer os deberes pola noite á luz do rachón de carballo que ardía na lareira ou á luz dun candil de gas mentres na lareira se cocía o caldo no pote de ferro e os vellos contaban as súas historias.

Para rematar, gustárame dedicarlles unhas palabras precisamente ós maiores, a aqueles paisanos que, coma min, coñeceron e protagonizaron o mundo reflectido nesta exposición. Seguro que, para eles, a posibilidade de poder ver todo aquilo que formou parte da súa vida cotiá esperta unha gran nostalxia e talvez un profundo sentimento de impotencia, comprobando como nuns poucos anos aquilo que permitiu a subsistencia durante centos de anos acaba nun museo. É moito o que lle debemos a esa cultura; como mínimo, non esquecernos dela, que sería tanto como esquecer quen somos e de onde vimos. Información para uns, evocación para outros, en todo caso a exposición ten pleno sentido nun mundo que cambia vertixinosamente e que, por desgraza, nos leva cada vez máis a unha uniformidade e a un proxecto de vida que non asinarían eses maiores dos que falabamos, que, aínda que pobres, eran donos da súa casa, da súa terra, do seu tempo, do seu traballo e da súa vida, que non é pouco.